



RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS DIRIXIDAS AO SECTOR AGROALIMENTARIO GALEGO FRONTE AO COVID19

O sector primario (agricultura, gandería), así como o sector da industria agroalimentaria, e todos os que forman parte da cadea alimentaria son axentes clave para a economía.

A subministración de produtos de primeira necesidade á poboación debe estar garantida en calquera circunstancia. Na situación actual de emerxencia sanitaria pola extensión do coronavirus é necesario establecer protocolos que permitan ao sector continuar operando coa maior garantía conforme avanza a situación de emerxencia.

O obxectivo é protexer aos profesionais do sector primario que prestan servizo en cada unha das etapas de produción e transformación dos produtos agroalimentarios.

Ante esta situación debemos facilitar a adaptación dos traballadores ás medidas que recomentan as autoridades sanitarias.

A Consellería do Medio Rural está en contacto cos representantes do sector produtor e da industria agroalimentaria, coas seguintes finalidades:

- Manter unha interlocución permanente e específica sobre a evolución do estado de alerta sanitaria polo COVID-19.
- Intercambio inmediato da información que se xere no sector, para coñecer calquera tipo de incidencia que se produza nas empresas agroalimentarias ou nos mercados.
- Cooperación para analizar e transmitir as medidas ou novas recomendacións a seguir en materia de prevención que estableza tanto o goberno da Xunta de Galicia como o Goberno de España.

RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS DIRIXIDAS ÁS EMPRESAS AGROALIMENTARIAS

A. INFORMATIVAS:

As empresas da industria agroalimentaria deben seguir todas as indicacións sanitarias que sirvan para protexer a saúde dos traballadores e clientes, e evitar a propagación do coronavirus na medida do posible, non esixindo medidas adicio-





nais para non poñer en perigo a subministración de produtos agroalimentarios á poboación.

As empresas deben informar aos traballadores das recomendacións que en cada momento realicen as autoridades sanitarias, tales como:

1. Reducir ao mínimo o contacto físico en zonas pechadas. Aumentar o espazo entre os traballadores. Gardar unha distancia mínima de 1,5 metros tanto en espazos abertos, como en instalacións pechadas. Aumentar a precaución na recollida, manipulación e entrega de mercadorías, mantendo a distancia de seguridade, e diminuír, na medida do posible, a súa frecuencia. Evitar concentracións de persoas en lugares pechados, como almacéns, onde non se poida garantir a distancia mínima.
2. Restrinxir as visitas ao mínimo imprescindible.
3. Establecer quendas de traballo e habilitar teletraballo nos casos posibles.
4. Aplicar altos niveis de hixiene persoal, especialmente mediante o correcto e frecuente lavado de mans.
5. No caso dos almacéns, colocar xeles con alcol en diferentes zonas, e os traballadores levar luvas en todo momento, como é habitual, o que non exime do lavado de mans antes e despois de cada uso. Non se debe beber auga en fontes.
6. Ante a existencia de síntomas como tose, malestar xeral, sensación de febre, dificultade para respirar, recoméndase que a persoa se ille de maneira preventiva, non vaia traballar e se poña en contacto co seu médico telefonicamente ou cos servizos sanitarios (teléfono 900 400 116). Non acudir ao seu Centro de Saúde.
7. Os principais síntomas son: tose seca, febre (que pode ser leve), dificultades respiratorias ou malestar. As persoas que tivesen un contacto estreito cun caso probable ou confirmado de coronavirus deberán permanecer en corentena domiciliaria durante 14 días para o cal, o seu médico, daralle unha baixa laboral.
8. Realizar a entrada e a saída do persoal de forma graduada, ordenada por quendas, e mantendo en todo caso a distancia mínima de seguridade aconsellada de 1,5 m.



A información a traballadores e persoal directivo debe ser elaborada en base á información oficial e coas recomendacións dos organismos competentes. Enuméranse a modo de exemplo algunha das canles e formas de transmisión da información: carteis nas empresas, comunicados aos empregados e clientes, imaxes e vídeos informativos nas pantallas de información das instalacións, mensaxes nas diferentes páxinas web corporativas, aplicacións e mensaxes en redes sociais.

B. HIXIENE DO PERSOAL

O persoal debe coñecer as regras básicas requiridas de hixiene persoal para previr o contaxio do coronavirus.

Recoméndase aumentar a frecuencia de lavado de mans con auga e xabón ou con desinfectantes de mans que conteñan polo menos un 60 por cento de alcol, e facelo sempre despois de tusir, esburrar ou soarse o nariz.

O tempo mínimo recomendado para un adecuado lavado de mans debe ser de entre 40-60 segundos.

As uñas débense levar curtas e coidadas, evitando o uso de aneis, pulseiras, reloxo de boneca ou outros adornos que poidan dificultar unha correcta hixiene de mans.

Recoméndase tusir sobre panos desbotables e, no seu defecto, esburrar sobre a parte interna do cábado para non contaminar as mans e evitar tocarse os ollos, nariz e boca coas mans. Os panos desbotables deben tirarse de inmediato a un cubo de pedal con bolsa.

Para asegurar o coñecemento e cumprimento destas medidas hixiénicas, os boletíns e carteis informativos deben estar dispoñibles e visibles en todas as instalacións.

Os lugares comúns como os vestiarios, salas de reunións, oficinas etc. deben ser limpados con desinfectantes (ver o apartado de limpeza e desinfección) e equipados con panos de papel e, se é posible, con dispensadores de desinfectante.

As roupas de traballo téxtiles deben lavarse de forma mecánica en ciclos de lavado completos a 60-90° C. Para a manipulación das pezas téxtiles “sucias” utilizaranse luvas. Non debe sacudirse a roupa para lavar.

C. LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS E ZONAS DE CONTACTO



Deben reforzarse os labores de limpeza diaria nas instalacións, utensilios e vehículos, aumentando a frecuencia sobre as prácticas habituais e a desinfección de superficies e puntos comúns ao tacto (superficies de mesas, tiradores de portas, pasamáns, ascensores), así como a eliminación de desperdicios.

Nos almacéns deberase centrar a desinfección nos asentos e tapicerías de vehículos, transpaletas, carretillas elevadoras, asas, agarradoiras, mandos e outros, con produtos desinfectantes específicos. Limparanse cada cambio de usuario. A limpeza farase cun desinfectante doméstico que conteña lixivia a unha dilución ao 0,1%, 1.000 ppm (1 parte de lixivia e 99 partes de auga), así como calquera desinfectante con acción virucida. A persoa encargada da limpeza deberá protexerse con luvas e máscara adecuados. Tras realizar a limpeza deberase realizar hixiene de mans. A frecuencia de limpeza duplicarase sobre as prácticas habituais. No caso de contaminación evidente por parte de pacientes sintomáticos (persoas sintomáticas con tose e esbirros) a limpeza e desinfección realizarase de inmediato.

RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS DIRIXIDAS ÁS EXPLOTACIÓNS

No actual estado de alarma, e a pesar das restricións xerais impostas ao movemento das persoas, está permitida a actividade agrogandeira, así como todas aquelas actividades que a sustentan (entrada e saída de traballadores, visitas de veterinarios ou técnicos, entrega de pensos, recollida de leite...), precisamente para asegurar a subministración de alimentos á poboación.

Esta circunstancia non quere dicir que nas explotacións non se deban tomar medidas en relación ao coronavirus, é máis, polo feito de manter a actividade estas deben ser reforzadas, sendo similares ás establecidas para establecementos ou industrias, adaptadas á actividade que se desenvolve.

A. CONTROL DE ACCESO E PAUTAS DA ACTIVIDADE:

As explotacións deben seguir as seguintes recomendacións:

1. Restrinxir ao máximo posible as visitas á explotación.
2. Se na explotación traballan varias persoas, da propia empresa familiar ou externas, evitar o contacto físico e tentar manter en calquera actividade unha distancia mínima de 1,5 metros entre elas.



3. Se unha persoa integrante da empresa familiar presenta síntomas (tose seca, febre, dificultades respiratorias), illarse en casa, e comunicalo aos servizos sanitarios (teléfono 900 400 116).
4. Se existen traballadores externos, é necesario informarlles de que, no caso de observar síntomas, deben permanecer no seu domicilio e comunicalo á persoa responsable da explotación e aos servizos sanitarios, sen acudir a traballar. En todo caso, ningún traballador externo debe entrar na explotación con síntomas.
5. No caso de prestación de servizos externos (veterinario, nutrólogo, subministración de penso, recollida de leite, retirada de cadáveres etc.), debe manterse a mesma distancia mínima respecto ás persoas que exercen esa actividade, limitando os seus movementos dentro da explotación ás áreas onde se requira a súa presenza. Ningún axente comercial ou técnico debe acceder á explotación se presenta síntomas.
6. No caso de visitas de persoal de servizos externos, esixir o uso de roupa e calzado impermeable que permita a súa inmersión ou chorreado con solución desinfectante antes de ingresar na granxa.
7. Manter limpos e dotados de produtos desinfectantes os pediluvios e rodoluvios da explotación.
8. Procurar establecer zonas ou peiraos de carga e descarga na periferia da granxa deseñados de forma que se minimize a necesidade de que a persoa responsable do transporte entre na granxa e, se fose posible, que teña que apearse do vehículo.
9. Restringir todo o posible as saídas da explotación, limitándoas ás imprescindibles, e o menor número de veces (compra de sementes, adquisición de utensilios etc.). A mellor opción é realizar os pedidos por teléfono ou Internet e solicitar a entrega na propia explotación. De non ser posible a entrega a domicilio, realizar todas as xestións por teléfono e saír unicamente para a recollida, extremando as medidas de prevención xerais nos establecementos: manter a distancia de seguridade cos provedores, evitar a concorrencia con outros clientes. No caso de ter que realizar varias xestións, agrupalas e realizalas na mesma saída. Lavar e desinfectar as mans ao regresar á explotación, antes de realizar calquera tipo de actividade.





10. Tentar realizar as diferentes xestións administrativas en relación ao funcionamento da explotación priorizando o uso de ferramentas electrónicas ou telefónicas sobre as presenciais (Oficina Agraria Virtual, 012, receitas electrónicas de medicamentos...).
11. Na medida do posible evitar o uso compartido de maquinaria e útiles de labranza.

B. HIXIENE PERSOAL

As recomendacións son as habituais en relación ao coronavirus:

1. Ao tusir ou esberrar cubrirse ben a boca e o nariz cun pano desbotable ou, no seu defecto, coa parte interior do cóbado ou para reter as secrecións respiratorias.
2. Usar panos desbotables e tiralos inmediatamente a un cubo de pedal con bolsa.
3. Lavarse as mans a miúdo para evitar a transmisión ou o contacto cos virus e sempre despois de tusir, esberrar e soarse. Se as mans estivesen sucias ou manchadas con fluídos farase con auga e xabón, se é posible antiséptico. Se as mans están visiblemente limpas a hixiene de mans farase con solución hidroalcohólica. Se non se dispón de produtos de base alcohólica proceder sempre a un lavado de mans. Sería recomendable poñer carteis indicadores sobre como se deben lavar as mans.
4. As uñas deben levar curtas e coidadas, evitando o uso de aneis, pulseiras, reloxo de boneca ou outros adornos que poidan dificultar unha correcta hixiene de mans.
5. Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión do virus.
6. As persoas externas deberían igualmente lavarse as mans ao ingresar na granxa e ao finalizar a súa actividade.
7. Se é posible, empregar luvas de vinilo/acrilonitrilo para a realización de todas as tarefas compartidas. No caso de usar de luvas de látex, recoméndase que se utilicen sobre unha luva de algodón.



8. As roupas de traballo deben lavarse de forma mecánica en ciclos de lavado completos a 60-90° C. Para a manipulación das pezas téxtiles “sucias” recoméndase utilizar luvas.

C. LIMPEZA DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS

1. De forma xeral, debe reforzarse a limpeza e desinfección da explotación, centrándose especialmente na maquinaria, utensilios e zonas de traballo coas que tiveron contacto as persoas, da empresa familiar ou externas.
2. Na maquinaria e vehículos, deben desinfectarse con frecuencia os asentos e tapicerías, volantes, asas, agarradoiras, mandos e outros, con produtos desinfectantes.
3. En despachos e calquera outra dependencia da explotación, debe realizarse limpeza e desinfección de pomos das portas, mobles, solos, teléfonos, computadores, etc. Para esta acción pode utilizarse lixivia de uso doméstico.
4. Debe prestarse especial atención á retirada de residuos daqueles espazos onde se desenvolven as actividades de traballo.
5. En dependencias pechadas (oficina, centro de frío, almacén de medicamentos e produtos zosanitarios, aseos e vestiarios...) debe aumentarse a renovación de aire de forma natural ou forzada,
6. Os utensilios utilizados manualmente, especialmente se os usan varias persoas, deben limparse e desinfectarse tras o seu uso.
7. Para a limpeza de superficies potencialmente contaminadas (contacto previo coas persoas), tanto da maquinaria como dos utensilios e outras superficies, pódense usar desinfectantes comúns, como a lixivia comercial, que se aplicará diluída e recentemente preparada, nunha proporción de 25-30 ml. de lixivia nun litro de auga. Como orientación, unha culler sopeira equivale a uns 15 ml. En superficies nas que non se poida usar lixivia, pódese utilizar etanol (alcol) ao 70%.
8. Para as tarefas de limpeza deben usarse luvas de vinilo/acrilonitrilo. No caso de usar luvas de látex, recoméndase que se utilicen sobre unha luva de algodón.



9. Recoméndase dispoñer dun stock de produtos de limpeza: deterxentes e xabóns, lixivia, xel ou solución desinfectante para mans, panos, luvas desbotables e bolsas de lixo.

